

A Pura do Moucho

A noite de Samaín estabamos todos na praza da vila contando historias de medo. Antón comezou a falar da Pura do Moucho. Na vila evitaban a casa, todos falaban sobre algún can ou gato que desaparecía preto da casa. Incluso, a vaca de Pepe o canteiro, que faltou do prado e nunca máis se soubo dela. Pero todo foi a peor no verán que desapareceu Marcos, aquel rapaz pasaba as vacacións de verán cos seus pais na casa que alugaba Pedro o carpinteiro. A pesar de que a garda civil o buscou, dixo que o máis probable é que caese ao río, aínda que varios veciños o viron xogando preto da casa da Pura do Moucho o día que faltou.

Eu dixen: Iso non son máis que contos de vellos para asustar os cativos.

E para demostralo agora mesmo vou entrar. Quen se atreve?

Fomos todos xuntos a aquela casa e cando entrei souben que todas as historias eran certas. Pero sabía que non me ía pasar nada. Se facía o que ela me dicía: entregarlle os meus amigos.

Xiana Darriba Álvarez